



Compostela, 12 de febreiro de 2009

PROPOSTAS MÍNIMAS, RELATIVAS AOS ORGANISMOS XENETICAMENTE MODIFICADOS, QUE DEBERÍAN SER DEFENDIDAS DENTRO DAS POLÍTICAS DO PARTIDO

1º Participación nas accións da "Rede de Rexións europeas que se declaran libres de cultivos transxénicos".

2º Medidas orientadas ao establecemento de mecanismos para impedir a produción en Galicia de cultivos modificados xeneticamente destinados á alimentación

3º Declarar a sementeira de variedades comerciais de sementes modificadas xeneticamente mediante técnicas de ADN recombinante, actividade insalubre e nociva, e en consecuencia sometida as obrigacións xenéricas legalmente previstas.

4º Desenvolver unha normativa de protección de cultivos co obxectivo de outorgar a máxima protección aos cultivos ecolóxicos, ás producións de calidade e ás producións labregas.

5º Establecer medidas de identificación e de control para garantir a rastrexabilidade dos produtos agroalimentarios. Regulamento (CE)nº 1829/2003 sobre a etiquetaxe dos alimentos e pensos Oxm´s.

6º Desenvolver os mecanismos para ditar as disposicións necesarias ao obxecto de cas ordenanzas municipais declaren actividade insalubres e nocivas non autorizables, conforme o planeamento urbanístico, en parte algunha do termo municipal, as probas de campo con sementes ou calquera outra liberación intencionada de organismos modificados xeneticamente con fins experimentais.

Desenvolver mecanismos cara a os PORN (plan ordenación de recursos naturais) se suxire a eliminación ou prohibición dos OXM en espazos da REDE NATURA 2000.

7º O Parlamento de Galicia debe facer pública a súa oposición ao cultivo o aire libre (comercial ou experimental) de millo transxénico e doutros cultivos xeneticamente modificados, especialmente os destinados á alimentación (humana e animal).

8º Promoveranse as xestións necesarias co obxecto de garantir que nos establecementos dependentes da Administración galega non se sirvan nin comidas nin bebidas que conteñan organismos xeneticamente modificados (OXM) ou derivados deles, especialmente nos eidos da educación e sanitarios. Introducción de alimentos ecolóxicos e locais nos centros dependentes da administración pública.

9º Amparar o dereito prioritario dos agricultores ecolóxicos, de calidade e tradicionais a non sufrir contaminacións xenéticas e establecer un réxime de responsabilidade civil no cos danos ambientais, sociais e económicos derivados dos Oxm's incluíndo a contaminación xenética, recaía sobre os titulares das autorizacións da súa liberación o medio. Aplicación do principio " Quen contamina paga".

10º Garantir a posta en marcha de mecanismos que aseguren o acceso na produción convencional sen transxénicos para alimentación animal. Autoabastecemento das explotacións, investigación pública, información os sectores produtores. Garantir que a responsabilidade destes mecanismos non sexa outra carga burocrática para as explotacións e recaiga dita responsabilidade na administración, neste caso concreto consideramos que sería potestade do INGACAL.

11º Reclamar a participación da sociedade e o control público na definición e execución dos proxectos de investigación. Non derivar cartos públicos a experimentación con oxm's . Débese informar axeitadamente a cidadanía dos efectos e das causas deste tipo de organismos. Promoción, proceso de reflexión e debate. Creación dun órgano de supervisión e seguimento da aplicación dos puntos reflectidos no documento, que ineludiblemente haberá de contar con presenza da cidadanía galega.